

# MANIFESTO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2023

**D. César Poza González**

*Alcalde do Concello de Vilaboa*

## FAI SABER:

# 25 N



Como cada 25 de novembro, o Concello de Vilaboa únese á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres, designado por Nacións Unidas.

Tal como expresa a ONU, “a violencia contra as mulleres e as nenas, arraigan unhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha crise silenciosa e endémica”.

A violencia contra as mulleres é especialmente dura nas zonas rurais; as vítimas sofren illamento pola escasa participación nos espazos públicos, por estar illadas xeograficamente e por identificar a situación coma un proceso individual, e non como o problema estrutural que é consecuencia da desigualdade entre mulleres e homes.

Tamén se dá en maior medida neste entorno unha realidade que permanece a miúdo invisible, a violencia sostida sufrida polas mulleres maiores de 65 anos, unha vida de vexacións, agresións, control e medo. Un colectivo especialmente vulnerable que require toda a nosa atención e apoio.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, longamente demandando polo movemento feminista, supuxo un antes e un despois na abordaxe institucional da violencia de xénero.

Foi a mostra do consenso de todos os grupos parlamentarios, e por tanto, de toda a sociedade española representada a través deles, para acabar con esta violencia, algo que hoxe está en risco.

O Concello de Vilaboa traballa para que ningún interese partidista estea por encima do recoñecemento do drama que supón esta violencia. A ameaza dos que negan a violencia de xénero e avogan polo retroceso na conquista dos dereitos das mulleres, é un feito certo. A extrema dereita e a dereita extrema están moi presentes en España. Rompen consensos, limitan os dereitos da cidadanía onde gobernan, de xeito cruel coas mulleres. Pretenden que a regresión sitúe ás mulleres nunha minoría de idade perpetua.

As dereitas eliminan concellerías e consellerías de igualdade que posibilitan a loita contra todo tipo de discriminación, violencia, fenda ou desigualdade manifesta. Darlle alas á ultradereita e incluíla nos gobernos pon en perigo as políticas de igualdade e a integridade das propias mulleres.

Negar a violencia de xénero non é inocuo, ten consecuencias: fortalece aos agresores, desampara ás vítimas e frea os avances en materia de igualdade.

Ante isto, os gobernos e as institucións con fonda raíz democrática temos que estar na vangarda en cada unha das fronteiras onde se dea a batalla, denunciando as verbas e as actitudes machistas dos que din defender España, tratando de quitarlle os dereitos a metade da poboación.

Debemos facer un chamado ao conxunto dos poderes públicos para blindar a loita contra a violencia machista e continuar avanzando nestas políticas.

Contra a violencia de xénero, máis democracia. Contra a extrema dereita, máis democracia. Para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, máis democracia.

Convocamos a toda a cidadanía de Vilaboa a participar nas distintas manifestacións que se van celebrar na nosa contorna os vindeiros días para seguir traballando a favor da eliminación da violencia contra as mulleres.

**César Poza González (1 para 1)**

Alcalde de Vilaboa

Data de Sinatura: 21/11/2023

HASH: ab8d4401aeab3f0aeaabdbdfb10d27cb

Vilaboa, 21 de novembro de 2023

O ALCALDE,

*Documento asinado dixitalmente*

CONCELLO DE  
VILABOA



CONCELLO DE  
VILABOA

